

NORMAS DE USO E ORGANIZACIÓN DO CENTRO

No centro:

- 1) Nas horas de entradas e saídas de mañá, tarde e recreos os alumnos de primaria farán a súa correspondente fila na entrada do centro e entrarán e saíran da clase acompañados dos profesores. Os de secundaria entrarán pola porta traseira ao soar o timbre e esperarán aos profesores na aula.
- 2) Os alumnos han de acudir a clase con puntualidade.
- 3) Só se farán fotocopias no recreo, salvo que se teña o permiso expreso dun profesor. Non se fotocopian deberes.
- 4) O almacén estará aberto nas horas de entradas e saídas do colexio e na hora do recreo, nunca en horario de clase.
- 5) Non está permitido fumar nin beber alcohol no centro.
- 6) Non está permitido traer: mobiles, videoxogos ou aparatos de musica ao colexio.

Nos pasillos e escaleiras:

- 1) Non permanecer nos pasillos e nas escaleiras durante as horas de clase e recreos.
- 2) Non está permitido que os alumnos corran, xoguen e berren polos pasillos.

Nos servizos:

- 1) Facer uso dos servizos hixiénicos en caso e tempo estritamente necesarios, sempre de un en un, e procurar conservalos limpos.
- 2) Os alumnos irán aos servizos da súa planta, deste xeito os alumnos de secundaria irán aos baños de arriba.

Nas aulas:

- 1) A aula ha de estar limpa, coidada e ordenada para acadar un mellor ambiente de traballo.
- 2) Os alumnos han de esperar aos profesores sentados no seu propio pupitre.
- 3) Os alumnos han de vir a clase coa hixiene e coidado persoal necesario.
- 4) Os alumnos non deberán asistir ao centro cando se padeza unha enfermidade infecto-contaxiosa ou parásitos.
- 5) As entradas e saídas na aula han de ser de maneira ordenada e silenciosa para non interromper ás demais clases.
- 6) Tódolos alumnos deben de respectar aos seus compañeiros, gardar silencio, facer ordenadamente o seu traballo, atender as explicacións do profesor e cumprir as instrucións que este lles dite.
- 7) Os alumnos deberán evitar todo aquilo que resulte molesto aos demais: falar en voz alta, facer ruídos,...
- 8) Pedir a palabra antes de falar.
- 9) Non se permite o uso de gorras dentro da aula.
- 10) Acudir a clase co material necesario. O material de uso común debe de ser tratado con sumo coidado.
- 11) Non se come nin bebe dentro da aula. Tampouco se permite comer chicle ou outras chucherías.
- 12) Ao rematar a clase subir as cadeiras sobre as mesas.

No recreo:

- 1) Os restos de comida, papeis, e todo tipo de desperdicios deberan deixarse nas papeleiras.
- 2) Evitar os xogos que sexan perigosos para un mesmo e para os demais.
- 3) Durante o horario escolar incluído o tempo de comedor, ningún alumno poderá saír fora do recinto a buscar balóns, salvo autorización dun profesor.
- 4) Durante o recreo non quedará ningún alumno na aula salvo que teña o permiso do profesor.
- 5) Queda prohibido xogar coa fonte de auga, hai que facer un uso responsable dela.